

TEMA 6: A PROSA DE 1936 A 1976: OS RENOVADORES.

1. CONTEXTO HISTÓRICO.

Este período literario aparece fondamente marcado pola Guerra Civil e as consecuencias políticas e sociais que se derivaron dela. O establecemento dunha ditadura que durará até 1975 provoca unha gran represión cultural e lingüística. Desaparecen todos os grupos e institucións que levaran a cabo o desenvolvemento da cultura galega e deixa de publicarse literatura galega en Galicia até a década dos 50. Nesta etapa, cobra unha importancia vital para a supervivencia da literatura galega, e da cultura galega en xeral, a actividade levada a cabo no exilio americano: publicación de libros e revistas, representacións teatrais, conferencias, emisións de radio... A temática comprometida gaña peso no conxunto da produción literaria. Mediado o século XX, prodúcese unha progresiva recuperación da actividade cultural en galego no noso país, centrada nun principio arredor da editorial Galaxia.

2. A NARRATIVA DE POSGUERRA.

Dentro da narrativa de posguerra encontramos diferentes correntes temáticas. Por un lado, están os **continuadores do Grupo Nós**, que presentan unha expresión máis tradicional. Neste grupo intégrase, entre outros, **Ricardo Carvalho Calero**.

Un segundo grupo de autores está constituído por autores que cultivan o **realismo etnográfico**, con textos de carácter popular e costumista, baseados moitas veces nas lendas, construídos a miúdo sobre as técnicas do conto de tradición oral e nos que domina a ambientación rural. O seu principal representante é **Ánxel Fole**.

Un terceiro grupo é o denominado **realismo social**, que mostra unha intención de denuncia, crítica e análise da sociedade do momento. Nesta tendencia destacan **Blanco Amor** e **Neira Vilas**.

Álvaro Cunqueiro é o principal representante do **realismo fantástico**, un tipo de narrativa que mestura elementos populares extraídos da realidade con outros de carácter fantástico. Dentro dun marco concreto introdúcese o marabilloso e o mítico.

Por último, e con posterioridade, aparecerá, xa na década dos 50, un movemento renovador denominado **Nova Narrativa Galega**.

3. AUTORES MÁIS REPRESENTATIVOS.

3.1. ÁNXEL FOLE.

É un dos máis grandes autores de narrativa breve. A súa produción literaria céntrase no conto popular. A súa narrativa presenta as seguintes características:

- Emprego de recursos propios da narración oral. Os seus contos están pensados máis “para contar” (modelo oral) que “para ler” (conto literario). Recorre a fórmulas da oralidade, como apelacións directas ao receptor e hai unha presenza do narrador como protagonista supostamente real da historia.
- Realismo narrativo. Os elementos fantásticos teñen case sempre unha xustificación realista. Son produto das alucinacións ou delirios de personaxes ou aparecen contados por alguén.
- Naturalismo lingüístico. Como consecuencia do desexo de reflectir a realidade galega tal como é, adopta un modelo de lingua oral, que reproduce a súa diversidade dialectal, introducindo mesmo formas vulgares e arcaizantes.
- Variedade de fontes. Ademais dos inventados pola imaxinación do autor, grande parte dos relatos de Fole proceden da tradición oral e de acontecementos tirados da súa propia experiencia.
- As temáticas están centradas basicamente na realidade galega. Mesturan unha realidade material, que ten como referencia as terras da comarca do Courel, unha natureza salvaxe que marca a vida e o carácter das súas xentes, e unha realidade inmaterial que recrea as crenzas sobrenaturais e supersticións da tradición rural galega: historias de aparecidos, premonicións, lendas mitolóxicas...

Entre as súas obras (**Terra brava, Contos na néboa, Historias que ninguén cre**) destaca **Á lus do candil**, un conxunto de relatos de tipo oral nos que predomina a temática sobrenatural, relacionada coa comarca do Courel, tratados moitas veces cun sentido humorístico. Están enmarcados dentro dunha estrutura unificadora: son relatados por unha serie de personaxes reunidos varias noites ao redor do nunha vella torre durante unha gran nevarada que os mantén incomunicados.

3.2. EDUARDO BLANCO AMOR.

É un autor dunha interesante obra poética e dramática. Home comprometido e

progresista, é fundamental no proceso de renovación da narrativa galega deste período.

Presenta características renovadoras que posteriormente desenvolverán os autores da Nova Narrativa Galega: espazos urbanos, personaxes marxinais, temática realista, expresión coloquial... As súas obras están ambientadas en Auria (Ourense) e nelas predomina o narrador en 1ª persoa.

Algúns dos seus temas recorrentes son o mundo da infancia e da adolescencia, as relacións familiares, a violencia, a marxinação, a represión política e lingüística e o afastamento da política das necesidades da xente.

A súa narrativa en galego componse de tres obras. **Os biosbardos** é un conxunto de sete relatos protagonizados e relatados en primeira persoa por rapaces (maioritariamente de condición humilde) nos que se representa un mundo infantil misterioso e cheo de emocións. Na reconstrución do Ourense da infancia do autor subxace unha certa crítica social.

Xente ao lonxe constitúe unha visión da sociedade ourensá dos inicios do século XX. Narra a crónica dunha familia de clase traballadora e nela analiza o contexto sociopolítico da época, ao tempo que describe a evolución persoal do seu protagonista adolescente. Formalmente, destaca a alternancia de narradores.

A súa obra máis importante é **A esmorga**. É unha das novelas máis relevantes e influentes da literatura galega. Conta a historia de tres homes que, durante un día de esmorga, viven unha serie de tráxicas peripecias que os conducen inexorabelmente á morte e ao cárcere. Presenta un grande número de personaxes, que representan todos os estratos sociais, entre os que destacan os tres protagonistas. Cibrán, o narrador, é un home sen vontade, incapaz de gobernar a súa propia vida, e déixase arrastrar cara á traxedia; Bocas é caracterizado como irreflexivo, violento e de forte personalidade; e Milhomes, como covarde e efeminado. A novela distribúese estruturalmente en tres partes: un prólogo no que un autor-editor descobre a historia que se vai contar ("Documentación"), a declaración perante o xuíz de Cibrán, que constitúe o núcleo argumental da obra e un breve epílogo no que a autor-editor reaparece para informar da morte de Cibrán. Pódese considerar unha novela sociolóxica na que se presentan dous mundos enfrontados que se rexen por códigos e normas diferentes: o do poder, asociado á opresión e ao emprego do castelán, e o das clases populares, ignorantes e alienadas, asociadas ao emprego do galego, que sofren, nunha atmosfera de fatalismo, as consecuencias dunha sociedade opresiva. A obra ofrece características formais renovadoras, que serán recollidas polos autores da Nova Narrativa Galega, como a redución temporal da acción (24 horas), a ambientación

urbana ou periurbana, a presenza de Plataforma educativa da formación a distancia www.iessanclemente.net Páxina 6 de 13 personaxes marxinais, problemáticos, movidos pola violencia e as fobias e o emprego dunha linguaxe coloquial.

3.3. **ÁLVARO CUNQUEIRO.**

Autor enormemente polifacético, é un importante poeta, dramaturgo, xornalista e precursor na divulgación da temática de viaxes e da gastronomía. As características principais da súa narrativa son as seguintes.

- Creación dun universo literario singular, froito da combinación do mito, a tradición, o popularismo e a experiencia do cotián, e desbotando a temática social; atracción polo exotismo e as temáticas universais.
- Gusto polo relato breve. Mesmo nas novelas, apréciase unha tendencia cara á disgregación, cara á construción da historia mediante a acumulación de pequenos relatos cunha estrutura moitas veces próxima á das caixas chinesas.
- Mestura do real co fantástico. Dentro dun marco realista, introduce elementos marabillosos entrecruzados co común, cunha naturalidade tal que se borran as fronteiras entre realidade e fantasía.
- Predominancia da oralidade do estilo. O seu modelo lingüístico está no conto de tradición oral, no xeito popular de contar historias, con tendencia aos períodos extensos, o polisíndeto, as continuas digresións e o recurso ao diálogo.
- Presenza do humor e da ironía, sempre de maneira sutil e amábel.
- Lirismo e poeticidade, presentes tanto no tratamento dos personaxes como na descrición de paisaxes e na evocación de tempos pasados.
- Intertextualidade. Abundantes referencias a outros textos literarios de moi variadas procedencias.

A obra de Cunqueiro pode dividirse en dous grandes grupos: as novelas e as denominadas semblanzas, conxuntos de relatos de narrativa breve centrados en personaxes concretos. Escribiu tres novelas.

Merlín e familia é unha sucesión de historias autónomas vertebradas arredor do personaxe de Merlín, que recibe no seu pazo de Miranda a visita de numerosos visitantes de terras distantes que lle presentan o seu caso ao mago e solicitan o seu consello. A estrutura destas historias é constante: presentación do caso, exposición do problema e solución proposta por Merlín. O relato está contado desde a perspectiva do paxe, Felipe de Amancia, narrador testemuña.

Se en **Merlín e familia** se achega á temática artúrica, en **Si o vello Sinbad volveuse ás illas**, Cunqueiro parte do personaxe e do ambiente das historias das Mil e unha noites. Presenta un Sinbad vello, retirado no país de Bolanda, que relata (coa axuda non só da memoria senón tamén da imaxinación) historias pasadas, mentres agarda conseguir unha nova nave que lle permita regresar ás aventuras do mar. A narración, centrada nun protagonista soñador, fracasado e nostálxico, flutúa entre a realidade e o soño, cuxos límites se revelan difíciles de percibir.

N' As crónicas do sochantre, a acción sitúase na Bretaña francesa, na época da Revolución francesa. O personaxe principal, o sochantre (eclesiástico que dirixe un coro) de Pontivy é recollido por unha carruaxe na que viaxan varios defuntos, que lle relatan as súas historias.

As semblanzas están integradas por tres libros: **Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá e Os outros feirantes**. De características semellantes, estas obras están integradas por relatos de grande brevidade. As temáticas son variadas: os oficios, a emigración, as malformacións físicas, os “creadores” ou soñadores, os tolos... Entroncadas na oralidade, supoñen unha excelente mostra do realismo fantástico do autor.

3.4. XOSÉ NEIRA VILAS.

É autor dunha inxente produción narrativa e de numerosas traducións e estudos de investigación sobre a presenza da cultura galega en Cuba, onde viviu gran parte da súa vida, comprometido co goberno revolucionario. Tamén cultivou a poesía. Podemos consideralo un dos pioneiros da literatura infantil en galego. A pesar de ser contemporáneo cos autores da Nova Narrativa Galega, non participou no proceso de renovación técnica e temática deste movemento. Os seus relatos, de carácter máis tradicional, mostran cun tratamento cruamente realista a vida da Galiza rural e da emigración. Os conflitos dos personaxes xorden do enfrontamento co medio, da loita cotiá pola supervivencia. Entre as súas obras (**Cartas a Lelo, Xente no rodicio, Camiño bretemoso, Querido Tomás**), destaca **Memorias dun neno labrego**. É unha das novelas máis vendidas, traducidas e divulgadas da nosa literatura. Narra, desde a óptica crítica dun neno (Balbino), a vida dunha aldea galega da posguerra. Nela, dáse unha visión do rural de miseria económica e moral, de opresión e inxustiza, de carencia de perspectivas de futuro. Fronte a este mundo, só se ofrece como alternativa salvadora a posibilidade da emigración. A novela está estruturada en breves capítulos que conforman unidades narrativas autónomas